



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
Espanha

Alonso Núñez, Aquilino Santiago

Os sufixos nominais diminutivos -et-e / -et-a, -uc-o / -uc-a e -ech-o / -ech-a na fala de
Castrelo do Val

Estudos de Lingüística Galega, vol. 9, 2017, pp. 5-22

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, Espanha

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305652021001>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

Os sufixos nominais diminutivos *-et-e / -et-a, -uc-o / -uc-a* e *-ech-o / -ech-a* na fala de Castrelo do Val

Aquilino Santiago Alonso Núñez
Universidade de Vigo
aalonso@uvigo.es

Recibido o 15/01/2017
Aceptado o 29/06/2017

The diminutive nominal suffixes *-et-e / -et-a, -uc-o / -uc-a* and *-ech-o / -ech-a* in the Castrelo do Val dialect of Galician

Resumo

Esta investigación céntrase nos sufixos nominais diminutivos *-et-e / -et-a, -uc-o / -uc-a* e *-ech-o / -ech-a* na fala galega do municipio de Castrelo do Val (Ourense) e ten en conta o resto do galego —incluídos os topónimos e os datos dalgúns *corpus* medievais—, o portugués e o castelán. Estes últimos datos serven de contraste coa investigación de observación participante realizada nunha fala concreta e ademais algúns deles permiten a introdución da perspectiva histórica. No estudo utilízouse un concepto dinámico da formación de palabras, que contempla tanto as palabras existentes como a dispoñibilidade que teñen os falantes para a creación de novas palabras con cada sufixo investigado. En conclusión, *-et-e* utilízase como diminutivo dun xeito parecido ó do galego común, *-uc-* existe como diminutivo residual e *-ech-* ten máis restricións de uso ca no galego común.

Palabras chave

Diminutivo, sufixación, morfoloxía, galego

Sumario

1. Introducción. 2. O sufixo *-et-e / -et-a*. 3. O sufixo *-uc-o / -uc-a*. 4. O sufixo *-ech-o / -ech-a*. 5. Conclusións.

Abstract

This paper focuses on the uses of the Galician diminutive nominal suffixes *-et-e / -et-a, -uc-o / -uc-a* e *-ech-o / -ech-a* in the Castrelo do Val (Ourense, Spain) dialect variety, while also surveying aspects of their use in other Galician dialects, including their occurrence in toponyms and some medieval corpora, and also in Portuguese and Spanish. This information is contrasted with data obtained from our participant observation of a particular variety of Galician while also supplying a historical perspective. The study uses a dynamic approach to word formation taking into account both words in actual use and the possibility of forming new words by means of the same suffixes. This analysis shows that the diminutive suffix *-et-e* is used as in the most widespread variety of Galician, whereas *-uc-* only has residual uses; use of *-ech-* is more restricted in the variety studied than in common Galician.

Keywords

Diminutive suffixes, suffixation, morphology, Galician language

Contents

1. Introduction. 2. The suffix *-et-e / -et-a*. 3. The suffix *-uc-o / -uc-a*. 4. The suffix *-ech-o / -ech-a*. 5. Conclusions.

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental desta investigación consiste en estudar os sufixos nominais diminutivos *-et-e* / *-et-a*, *uc-o* / *-uc-a* e *-ech-o* / *-ech-a* no galego do municipio de Castrelo do Val (Ourense) e contrastar a súa análise coa proposta para o galego actual por Alonso Núñez (2000). A continuación reproduce dun xeito sucinto as características que Alonso Núñez (2000: 170) lles atribúe ós sufixos diminutivos produtivos do galego actual:

Sufixo	Base substantiva cos trazos [+ contable] e [- animado]	Base substantiva cos trazos [+ animado] e [- humano]	Base substantiva co trazo [+ humano]	Base adxectiva	Características do sufixo
1. -iñ-o / -iñ-a	casíña	burriño	homiño	pequeniño	moi frecuente moi produtivo
2. -ín / -í-a	casía	becerrín	nenía	pequenín	+dialectal
3. -ín / -í-a	butelín	cabalín	nenía	pequenín	+dialectal
4. -ín / -iñ-a	cachín	cabritín	menín meniña	grandín pequeniños	+dialectal
5. -ic-o / -ic-a	casica	burrico	homico	pequenco	?dialectal
6. -uc-o / -uc-a	casuca	cabaluco	homuco	pequenuco gorduco	+dialectal +despectivo no galego común
7. -it-o / -it-a	casita	burrito	rapacito	pequenito	?dialectal
8. -et-e / -et-a	librete (desp.) mandilcete	burrete (desp.) lobete	homete	pequenete gordeta regularcete	tendencia a ser despectivo, pero non sempre
9. -ech-o / -ech-a	*casecha ¹	*burrecho	*homecho pequecho (lex.)	pequecha gordecho	só con algúns adxectivos ?despectivo

Cadro 1. Sufixos diminutivos do galego actual segundo Alonso Núñez (2000: 170)

Os resultados obtidos no meu traballo pretenden mellora-lo coñecemento sobre os sufixos nominais diminutivos do conxunto do galego actual e das súas falas. Nesta mellora considero imprescindible o estudo destes elementos noutras falas galegas. Os sufixos nominais diminutivos *-iñ-o* / *-iñ-a*, *-it-o* / *-it-a* e *-ic-o* / *-ic-a* foron investigados na fala ourensá do municipio de Castrelo do Val por Alonso Núñez (1999). Para o meu estudo pareceume moi conveniente o uso do español e do portugués como linguas románicas de contraste dos usos e formación dos diminutivos.

Consciente da penuria de datos sobre os diminutivos analizados nesta contribución, considerarei oportuno compara-los datos da fala concreta que analizo cos dos sufixos diminutivos que ofrecen os topónimos recollidos no Proxecto Toponimia de Galicia (PTG), inda non finalizado, e os que achegan sobre *corpus* medievais Alonso Núñez (2004) e Freixeiro Mato (2014). Os datos dos *corpus* medievais fan que a investigación teña en conta a diacronía e os datos toponímicos permiten matiza-lo estudo diacrónico e sincrónico dos sufixos diminutivos.

O topónimo ou nome de lugar é un subtipo de nome propio e este defínese por ser unha etiqueta identificadora; no entanto, o nome propio ten a súa orixe nun nome común con significado (Caprini: 2001). O nome propio *Carminha* permite conxectar que a motivación para crealo pode estar na pequenez da persoa, xa que tales nomes póñense na nenez dos seres humanos e, especialmente, por comparanza con outra persoa adulta que se chame *Carme* (a nai, unha avoa,

¹ O asterisco quere dicir neste cadro que a palabra non existe ou que non se usa con valor diminutivo.

unha tía...); agora ben, *Carminiña* pode seguir empregándose para identificar unha persoa adulta que mida case dous metros.

O diminutivo nos topónimos reflicte o estado de lingua en que foi creado. En consecuencia, cómpre investiga-lo significado do topónimo e isto en moitas ocasións é algo hipotético, é dicir, non seguro, xa que os falantes actuais poden non sabe-lo significado do topónimo ou atribuírle outro diferente do orixinario (Gordón Peral 2001; 2002). Aínda que neste estudo só empregarei os datos toponímicos para apoia-las miñas apreciacións, coido que o estudo diacrónico do galego e dos outros idiomas románicos precisa enriquecerse coa análise da toponimia, a cal é un brazo alongado da dialectoloxía cara ó pasado. No futuro espero realizar investigacións de sufixos diminutivos galegos que teñan en conta tanto a toponimia actual como a recollida en textos do pasado.

O *corpus* medieval de Alonso Núñez (2004) é bastante representativo xa que se basea nos glosarios de textos literarios poéticos galegoportugueses (*Cancioneiro da Ajuda*², *Cantigas d'es-carnho e de mal dizer*³ e *Cantigas de Santa María*)⁴, de textos traducidos historiográficos de prosa (*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*)⁵ e de textos non literarios non traducidos (*O libro de notas de Álvaro Pérez*)⁶. O *corpus* medieval de Freixeiro Mato (2014) céntrase na sufixación apreciativa da poesía trobadoresca profana.

De tódolos xeitos, a investigación realizada sobre a fala de Castrelo do Val non se basea nun *corpus* nin concibe o léxico como algo estático e non suxeito a cambios. Concibo o léxico como algo dinámico e coido que a análise morfolóxica que debe practica-lo lingüista consiste en desanda-lo camiño que previamente realizou o falante ó crear unha nova palabra soldando elementos coñecidos por el por formar parte doutras palabras. Quero dicir que, a partir de palabras tales como *casiña* e *libriño*, o falante pode crear, por exemplo, dende *teléfono telefoniño* para referirse a un teléfono pequeno ou para etiquetar unha nova realidade (o teléfono móbil). No primeiro caso (*telefoniño*), o lingüista analiza *-iñ-* como sufixo diminutivo porque *-iñ-* aparece co contido 'pequeno' noutros contextos (cf. *casiña* e *libriño*). No segundo caso, non se analiza *-iñ-* como sufixo diminutivo e é evidente que se usa o contido minguador de *-iñ-* como atallo para a motivación dunha nova palabra. No galego non se botou man da etiqueta *telefoniño* para indicar 'teléfono móbil', pero en italiano si se fixo así con *telefonino*. Para a reciclaxe de significantes partindo dun atallo motivador que crea unha etiqueta nova e válida para entenderse, véxase Alinei (2002). O autor profunda no tema en Alinei (2008). A dificultade morfolóxica preséntase fundamentalmente coas palabras en vías de lexicalización ou que teñen afixos residuais ou afixos que comezan a emerxer nunha lingua.

Sen deixar de ser consciente das limitacións do meu estudo, xa que non podo acceder ó dicionario mental de tódolos falantes dos lugares investigados, e sen deixar de ser consciente de que a análise realizada é provisional, procurei dar toda a información que fun escoitando en todo o período da miña investigación.

O método deste estudo é de observación participante e combina as enquisas ós informantes cos datos recollidos en gravacións e con outros datos escoitados a falantes do municipio estudado dende 1993 ata a actualidade. Deille preferencia ós informantes sen ningunha instrución ou con pouca porque o meu obxecto de estudo principal é o galego tradicional dos lugares investigados. Procurei tamén basearme no significado que os falantes lles atribúen ás palabras, que é o que realmente considero importante. Recorrín á realización de enquisas porque os datos obtidos nas gravacións sobre os sufixos desta investigación eran escasos. Dado o meu concepto do léxico como algo dinámico, pareceume adecuado ter en conta os datos sobre os sufixos diminutivos analizados que eu coñecía como falante nativo do municipio obxecto de estudo.

Para illa-los sufixos diminutivos produtivos que se unen con substantivos e con adxectivos botei man da técnica de segmentación e conmutación e esixín a recorrencia do mesmo significado co mesmo significado.

² Editado por Michaëlis de Vasconcelos (1990).

³ O glosario deste texto foi realizado por Lapa (1970).

⁴ Mettmann (1981) elaborou o glosario destas cantigas.

⁵ Traballo publicado por Lorenzo (1977).

⁶ Tato (1994) estudou na súa tese de doutoramento este glosario.

A fala do municipio de Castrelo do Val é un subtipo de verinés (Alonso Núñez 2008: 343-344; Alonso Núñez 2010: 113-118; e Alonso Núñez 2012). Seguindo a Fernández Rei (1990: 106-160) pode adscribirse dialectalmente á área oriental de transición do bloque central. Verín é a cabeza dunha comarca que comprende os concellos de Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Montereí, Cualedro, Oímbra e Verín.

O concello de Castrelo do Val está formado por 16 entidades de poboación: Portocamba, Campobecerras, Sanguñedo, Veiga de Nostre, Fontefría, Vilar, Servoi, San Paio, Piornedo, Montveloso, Pepín, Ribas, Gondulfes, Marbán, Nocado do Val e Castrelo do Val. Os seis últimos lugares son valegos, Servoi e San Paio son de media montaña e o resto son lugares de montaña.

Nesta investigación trátase un subtipo de afixación⁷ denominada tradicionalmente como *diminutiva*. Outros autores como Pena (1991: 83-84), partindo de que un dos significados que ten este signo é a apreciación, chámalle afixación *apreciativa* e Merlini Barbaresi (2004) denomínaa *alterativa*. Esta última autora coida que os sufixos diminutivos do italiano teñen capacidade para modifica-lo significado denotativo da base en termos de dimensión (diminutivo ou aumentativo) e de calidade (pexorativo) e que son denominados avaliativos porque indican un tipo de xuízo do falante.

Os sufixos flexivos diferéncianse dos sufixos derivativos, en primeiro lugar, en que expresan as categorías gramaticais de xénero⁸ e de número nos substantivos e adxectivos e de modo, de tempo, de persoa e de número nos verbos e, en segundo lugar, en que non forman parte do tema, elemento este que resulta da eliminación dos afixos flexivos.

Na sufixación derivativa das linguas románicas e do latín distínguese entre derivación heteroxénea e derivación homoxénea. Esta última caracterízase por non cambia-la clase ou a subclase de palabras, mentres que a derivación heteroxénea cambia a clase ou subclase de palabras. Segundo Merlini Barbaresi (2004), a modificación do significado, inda que é limitada, é un dos motivos que se aduce para considera-lo fenómeno morfolóxico da alteración como un tipo de derivación non prototípica⁹.

Pena (1991: 83-84) inclúe a sufixación apreciativa dentro da derivación homoxénea pois, dada unha base substantiva (*casa*), se se lle engade o sufixo *-iña*, a palabra resultante (*casiña*) non varía de clase, senón que continúa sendo un substantivo. Así mesmo, Pena atribúelle á sufixación apreciativa as seguintes características:

1. Non selecciona a clase de palabra á cal pertence a base.
2. Ten tendencia a aparecer despois dos sufixos de derivación heteroxénea.
3. Pode aplicarse repetitivamente, aínda que con certos límites.

Analicemos tales características aplicadas ó galego. Con respecto á primeira, o sufixo apreciativo sóldase con bases nominais, especialmente con bases substantivas. Alonso Núñez (2000: 137-138) considera que *-ech-* non se une con substantivos (**burrecho*) no galego actual. O sufixo apreciativo verbal, para Alonso Núñez (2008: 384), non existe no galego actual xa que, se a creación do verbo (*cuspiñar*) se fai dende un substantivo diminutivizado (*cuspiño*), entón non é posible postula-la existencia de sufixos apreciativos verbais. Para outros autores (González Seoane 1999), o sufixo apreciativo verbal existe no galego. Pena (1993) coida que existe en castelán a sufixación verbal apreciativa, que esta é menos rendible cá nominal e que nela se entrecruzan varias dimensións (valorativa, aspectual iterativa ou frecuentativa e aspectual intensiva-atenuadora); no entanto, Monterrubio Prieto (1990) non afirma tallantemente a existencia de sufixos diminutivos verbais en castelán.

Sobre a segunda característica, Alonso Núñez (2000: 137-138) adapta a Scalise (1987: 152-155) e sostén que os apreciativos tenden a situarse despois dos outros sufixos derivativos e antes dos sufixos flexivos. Os diminutivos do portugués, europeo e brasileiro, do tipo *animazinhos* pa-

⁷ Para a afixación e os outros procesos morfolóxicos véxanse Mel'čuk (1982) e Pena (1990: 5-75; 1991: 69-128; e 1993: 217-281).

⁸ Para o concepto de xénero véxase Alonso Núñez (2007: 312-314). En lugar de dicir que a vogal *-a* de *mesa* indica 'xénero feminino', é mellor soste-lo que é unha vogal temática indicadora da clase dos substantivos que rematan en *-a*, que acostuman a ser femininos.

⁹ Para máis información sobre isto véxase Scalise (1987: 152-155).

recen contradicir este suposto. Non vou entrar aquí nunha discusión en profundidade sobre esta cuestión; confórmome con indicar que considero *animai-* como raíz da palabra *animaizinhos*¹⁰.

Sobre a terceira característica, Alonso Núñez (2000: 137-138) apunta que os exemplos de Pena (1991: 83-84) están lexicalizados (*casa* → *caseta* → *casetón*) e que a repetición do mesmo sufixo está limitada a dúas ou tres aparicións tal e como sostén Varela Ortega (1990: 87-92). Para un tratamento máis exhaustivo destas cuestións e doutras relacionadas cos diminutivos do galego actual véxanse Alonso Núñez (2000), Álvarez (2002) e Álvarez (2012). No caso da chamada *sufixación verbal homoxénea*, non hai repetición do mesmo sufixo (Alonso Núñez 2008: 384).

Entendo o sufixo diminutivo como unha unidade biplana con significante e significado. En concordancia con González Ollé (1962: 22), que manifesta que “si bien se aplican a otras especies gramaticales, en los sustantivos pueden indicar disminución de magnitud, aunque no siempre ejerzan tal función ni siquiera sea la más frecuente en ellos”, eu penso que o significado denotativo do segmento diminutivo é a modificación da dimensión da base, sexa significando ‘pequeno’ nos substantivos, sexa indicando unha gradación de signo minguidor nos adxectivos (‘menos ca’, ‘en pouca cantidade’, ‘en menor intensidade’ etc.). Así a todo, cómpre estudar con máis detalle o significado do chamado diminutivo cos adxectivos segundo estes expresen un concepto obxectivo dimensional (*pequeniño*), un concepto obxectivo de cor (*amareliño*), un concepto subxectivo de valoración (*malíño*), un concepto subxectivo de inclinación humana (*celosiño*) etc.

Ó lado do significado denotativo, estes elementos teñen un significado connotativo, positivo ou negativo, que pode pasar a se-lo único. Descendendo ó detalle, na palabra *limpiño* enfatízase a calidade da base porque o adxectivo de valoración *limpo* indica unha acción acabada, semellante á denotada polo participio *limpado*, e, ó ser un adxectivo perfectivo que expresa o resultado da acción de limpar (Bosque 1989: 171-176), non pode sufrir unha variación gradativa minguidora coma a que padece, por exemplo, o adxectivo dimensional *grande* (*grandiño* ‘menos ca grande’). Da mesma maneira, se se usa o substantivo *casiña* para designar unha casa grande ou un palacio, a significación minorativa do sufixo *-iñ-* bloqueáase e, en cambio, actívase un contido afectivo do emisor da mensaxe. Pero isto non é unha característica exclusiva do morfema diminutivo, xa que calquera signo, ó entrañar numerosas connotacións, a miúdo contraditorias, está sempre aberto a un segundo sentido a través da actividade da interpretación (Eco 1998: 245). A sufixación alterativa pode conferirle á base de derivación e ó enunciado enteiro significados connotativos e pragmáticos que varían segundo a situación comunicativa (Dressler e Merlini Barbaresi 1994).

Discútase cal foi o primeiro valor, se o denotativo ou o connotativo. Inda que neste traballo non me estenderei sobre esta cuestión, concordo con López Gregoris (2005), quen sostén xa no indoeuropeo que o valor orixinario dos sufixos chamados diminutivos era ‘parecido e pertenza a unha especie’ (Hakamies 1951: 7) ou ‘ímaxe reducida ou aproximada’ (Ernout 1954: 190). Para Hakamies e Ernout non parece difícil derivar deste valor primitivo o de diminución ou aminoración, que se converteu co tempo no seu valor principal, xa que o adulto no mundo animal (ou vexetal) é a referencia ou o prototipo dunha especie e as crías dan idea de pequenez ó seren de tamaño menor cós adultos. A asociación entre a pequenez e o valor afectivo é fácil de observar na linguaxe infantil e na amorosa.

Con respecto ó castelán, Hasselrot (1957: 257-273) e Zuluaga Ospina (1970) tamén optan polo valor denotativo minguidor. Nega o valor diminutivo como básico Alonso (1982³: 161-189), quen di que en castelán o diminutivo é máis ben o signo dun afecto. Náñez (1973) comparte a opinión de Alonso.

2. O SUFIXO -ET-E / -ET-A

Skorge (1956-1957: 55) pensa que *-et-e* / *-et-a* foi empregado primeiramente en substantivos de procedencia francesa como *filete*. Despois uniuse a palabras patrimoniais portuguesas, por

¹⁰ Sobre estas formacións, ademais de Álvarez (2002) e Álvarez (2012), véxanse Bachrach e Wagner (2005), Barbosa (2010), Bisol (2010), Guimarães e Mendes (2010), Hutchison e Lloyd (1996), Lee (2000), Moreno (1997), Rio-Torto (1993), Rio-Torto (2016²), Said Ali (1971¹⁰), Skorge (1956-1957), Teixeira (2008) e Villalva (2000).

exemplo, *diabrete*, *malandrete*. Hanssen (1913: 152) considera que é de procedencia francesa e que se propagou en castelán retendo, nalgúns casos, a forza diminutiva. Tamén Fernández Ramírez (1986: 34) di que en castelán son numerosos os substantivos en *-et-* de orixe francesa (*filete*, *taburete*, *paquete*) e frecuentes os préstamos do catalán (*retrete*, *bonete*) e do italiano (*sorbete*, *clarinete*).

Veña de onde veña *-et-*¹¹, é evidente que se trata dun sufixo estraño tanto en galego¹² coma en portugués. En vista disto, debemos actuar con cautela na análise daquelas palabras que presentan esta terminación. Así, nas palabras estranxeiras non debemos segmenta-lo sufixo porque non existe como tal; por contra, debemos consideralo como sufixo diminutivo cando ó engadirse a unha base xenuinamente galega signifique ‘pequeno’. En todos aqueles casos en que non segmentémo-lo sufixo podemos falar de lexicalización, por exemplo, *banquete*, *fogue-te*, *clarinete*, *cabaleta* etc.

Hai autores como Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986: 88) que consideran este sufixo como simplemente diminutivo e outros que coidan que, en ocasións, ten matices despectivos ou burlóns (*vid.* Lázaro Mora 1977 para o castelán). Álvarez e Xove (2002: 408-409) coidan que, ó lado do diminutivo básico do galego estándar *-iñ-*, ten tamén algún uso no galego común *-et-*, sufixo que expresa ‘tamaño tendente a pequeno’.

Aínda sendo *-et-* un sufixo produtivo en galego, hai moitas palabras que non o admiten, xa que este elemento habilítase moitas veces para facer lexicalizacións. Deste xeito, se queremos dicir ‘casa pequena’ temos que utilizar *casiña* e non *caseta*, palabra lexicalizada co significado de ‘choza’, nin *casete*, palabra estranxeira que evidentemente non significa ‘casa pequena’. Se se quere expresar ‘cabalo pequeno’, non se acostuma a usar *cabaleta* senón que preferimos *cabaliño*. A razón desta preferencia radica en que *cabaleta* é raro que se interprete co significado ‘cabalo pequeno’.

Como consecuencia do explicado, a produtividade do sufixo diminutivo *-et-* vese limitada no galego actual porque existe unha relación inversa entre, por un lado, a vixencia expresiva e a vitalidade expansiva dun sufixo e, por outro, o número de lexicalizacións. Así, parece que canto máis actuante sexa un sufixo, menor será o número das súas lexicalizacións, e viceversa. No castelán os sufixos *-et-* e *-ill-* minguan as posibilidades de unirse con diferentes bases por mor de seren os máis presentes en lexicalizacións (Náñez 1973: 378).

Por outra parte, aínda que as lexicalizacións se acostuman a dar cos elementos máis antigos e gastados, en galego o sufixo *et-e* tende a presentarse petrificado, por ser en orixe unha forma allea. Rio-Torto (1993: 757-809) cita bastantes exemplos portugueses de lexicalización de palabras con *-et-* e pensa que o diminutivo *-et-* non é un elemento claramente dispoñible no portugués contemporáneo.

Con todas estas restricións Alonso Núñez (2000: 167-168) considera que o sufixo *-et-e* é produtivo no galego actual como diminutivo e como despectivo. O mesmo acontece no galego tradicional do concello de Castrelo do Val xa que este sufixo existe nel cun valor diminutivo despectivo unhas veces (*librete*, *burrete*, *rapacete*, *rapaceta*) e cun valor diminutivo con algunhas bases (*rapacete*, *cancete*, *mandilcete*, *saqueta*)¹³. A dificultade para determinar o valor diminutivo ou o despectivo agrándase cando non se sabe a entoación e a intención con que un falante pronuncia o vocábulo e vólvese máis fácil na lingua oral. Con todo, pode dicirse que cos nomes propios o elemento *-et-e* ten un valor diminutivo (*Manuelete*, *Miguelete*). Tamén ten un valor diminutivo este elemento cando aparece en topónimos¹⁴. O sufixo *-et-e* figura cun valor diminutivo no microtopónimo de Veiga de Nostre (concello de Castrelo do Val) *O Rabete*.

Para o portugués Rio-Torto (1993: 771) atesta *-et-* dende a Idade Media e cita exemplos medievais que sobreviviron na antroponimia (*Calvete* e *Johannete*) e na toponimia actuais (*Calvete* —no concello de Figueira da Foz e de Loulé—); no entanto, coida que *-et-* non se combina no

¹¹ Véxase Pharies (2002: s. v. *-ete*, *-eta*) para obter máis información deste sufixo.

¹² Saco y Arce (1868) non o rexistra entre os diminutivos do galego decimonónico.

¹³ *Saqueta* é unha palabra que pode significar ‘saca pequena’ e, en consecuencia, conter un diminutivo ou ben pode estar lexicalizada e referirse a un obxecto distinto dunha *saca*.

¹⁴ Lémbrese o dito no apartado 1 sobre o valor diminutivo cos topónimos e cos nomes propios en xeral.

portugués contemporáneo con nomes propios. A citada autora tamén estima que son frecuentes os topónimos con este elemento no Algarve e cita seis nomes de lugar desta zona (*Estorniquete, Marmeleite, Navete, Barreta, Praceta e Fozeta*)¹⁵.

No PTG tamén se recolle o topónimo *O Rabete* en Vigo (Pontevedra) e en Muíños (Ourense), e o topónimo *Rabete* no concello ourensán da Gudiña. Ademais tamén figuran outros topónimos co diminutivo -et-e tales como *O Agrete* (Porto do Son, A Coruña), *O Birlete* (A Gudiña, Ourense), *Burquete* (Salvaterra de Miño, Pontevedra), *Castelete* (A Laracha, A Coruña), *O Castelete* (nos concellos pontevedreses de Cambados e Moaña, e nos concellos coruñeses de Cariño e Cedeira), *A Fonteta* (Ribadeo, Lugo), *O Furete* (A Lama, Pontevedra), *O Reguete* (Xove, Lugo) e *A Rueta* (Cervo, Lugo). No PTG, que aínda non se finalizou e que non ten información de tódolos concellos galegos, poden verse máis exemplos de topónimos con -et-e diminutivo. Así a todo, desta enumeración non pode tirarse a idea de que o diminutivo -et-e é moi frecuente nos topónimos galegos, xa que o número destes topónimos é moito menor cós que teñen -iñ- diminutivo no PTG. Deixo para outro traballo unha investigación máis detallada sobre a datación dos topónimos con -et-e diminutivo. Tal análise axudará a explicar mellor o asentamento de -et-e no galego.

A pouca frecuencia de -et-e na toponimia do concello de Castrelo do Val e no galego en xeral apoia a hipótese de que é un sufixo alleo e de entrada tardía no galego (*vid. infra*). Tamén reforza tal hipótese que non figure entre os sufixos creadores de xentilicios galegos no traballo de Costas González (2016a).

No mapa 90 do volume II do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGA II), non aparece -et-e coa base *burr-* para significar 'cría de burro', que era o que se preguntaba na enquisa. No galego común *burrete* significa 'persoa parva que se parece a un burro'. O mesmo acontece na fala do concello de Castrelo do Val. Nesta non se usa *burrete* e *caseta* para significar, respectivamente, 'burro pequeno' e 'casa pequena'; agora ben, noutras palabras figura -et- (*nenete, Manuelete*) como auténtico diminutivo.

No galego de Castrelo do Val, o sufixo -et- con adxectivos ten un valor diminutivo (*pequene-te, gordeta, regularcete*) ou non (*pequenete, gordeta, regularcete*). Isto coincide co proposto para o galego actual en xeral (Alonso Núñez 2000: 167-168) e para o portugués contemporáneo por Rio-Torto (1993: 773), quen pensa que a base de derivación e a subxectividade do falante poden activar unha avaliación negativa ou unha cualificación minguada. Ademais esta autora afirma que -et- é un sufixo diminutivo con pouca dispoñibilidade con adxectivos (?*brutete, ?ceguete*), especialmente cos femininos (?*alegrete, ?atrevideta, ?azedeta*), e que a súa dispoñibilidade con substantivos é moito menor cá de -inh- e -it- (Rio-Torto 1993: 757-809).

No cadro que insiro a continuación recóllense exemplos co diminutivo -et-e no municipio de Castrelo do Val.

Sufixo	Base substantiva co trazo [+ propio] e [+ animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ contable] e [- animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ animado] e [- humano]	Base substantiva co trazo [+ común] e [+ humano]	Base adxectiva
-et-e / -et-a	Manuelete	*caseta ('casa pequena') ¹⁶ mandilcete	*cabaleta ('caba-lo pequeno') ¹⁷ cancete	nenete	pequenete

Cadro 2. Exemplos co diminutivo -et-e do galego tradicional de Castrelo do Val

¹⁵ Esta palabra deriva de *foz* a pesar de aparecer escrita como *Fuzeta* ou *Fuseta*.

¹⁶ O asterisco significa que *caseta* é unha lexicalización para referirse a un tipo de construción e, en consecuencia, non é un diminutivo de *casa*.

¹⁷ *Cabaleta* é unha palabra lexicalizada e a súa interpretación como diminutivo de *cabalo* sería moi rara en caso de facerse.

Comparando o cadro 2 cos datos recollidos sobre os sufixos diminutivos *iñ-*, *-it-* e *-ic-* por Alonso Núñez (1999), pode concluírse, por unha banda, que o sufixo *-et-e* no concello de Castrelo do Val ten máis restricións có sufixo *-iñ-* e tamén có sufixos *-it-* e *-ic-* e, por outra banda, que cos nomes propios non só ten menos frecuencia có sufixo *-iñ-*, senón que tamén é menos usado có sufixos *-ic-* e *-it-* (Alonso Núñez 1999: 134-140). A razón disto radica en que *-et-e* debe ser un elemento estranho que tardou en asentarse como diminutivo en galego (Alonso Núñez 2004: 27-29). Para unha exposición breve sobre isto último véxase *infra*.

O sufixo *-et-e* non se pode repetir (**pequenetetete*) nin pode ocupa-la penúltima posición anterior ós sufixos obrigatorios (**pequenetiño*) nin, en consecuencia, permite a acumulación dun sufixo diminutivo despois del, se previamente non se produciu unha lexicalización. Así, sobre *xoguete*, forma lexicalizada, faise *xoguetiño* 'xoguete pequeno'.

Na fala do concello de Castrelo do Val existen palabras lexicalizadas coa terminación *-et-e* tales como (*ir*) *de bracete* 'ir collido do brazo', *cabaleta* 'peza que se usa para soste outros obxectos', *cagalleta* 'excremento das ovellas ou das cabras', *camioneta*, *canaleta*, *carrete*, *carretón* 'vehículo que usaban os carrilanos, traballadores que construíron o ferrocarril, para transportar obxectos; carro de man dos supermercados', *carroceta* 'especie de camiión pequeno', *cigarreta* 'especie de cigarro', *ferrete* 'aro que se pon no fuciño do porco', *foguete*, (*ir*) *de ganchete* 'ir de bracete', *migueleta* 'variedade de mazá', *moquete* 'sopapo', *panceta*, *pandeireta*, *peperete* 'lambetada', *peperetada* 'lambetada', *porretas* 'follas que botan as cebolas e os allos', *ramallete* 'conxunto, por exemplo, de cereixas', *xoguete* e *zorete* 'aturdido'.

Taboada (1988) tamén ofrece palabras lexicalizadas con esta terminación no léxico da comarca de Verín tales como *agulleta* 'folla do piñeiro', *arrapañetas*¹⁸ 'arrapañar ou coller con ansia o que, por exemplo, bota a madriña nunha voda ó saír da misa', *barcaleta* 'especie de caixa cadrada onde se fai o mondongo dos chourizos', *cabaleta* 'burro, aparato supletorio do muiño que por medio duns ganchos retira a roda superior do muiño', *caghalletas* 'excremento das cabras', (*de*) *caralleta* 'tipo de inxerto da vide que se realiza formando un rebaxe tanto no patrón como no manso de maneira que queden ensablados un no outro', *lagoreta* 'obxecto do muiño onde o eixe cunha pedra de moer tritura as olivas', *migueleta* 'variedade de mazá de cedo, que é amarela e doce', *moxete* 'belisco', *palletas* 'restos de palla dos que se protexen os ateiros con manguitos colocados nos brazos', *palletón* 'cañoto que quedou no terreo e que se quita coa decrúa', *planchete* / *plancheta*¹⁹ 'presumido', *porreta* 'tronco do nabo', *ramillete* 'cereixas que van unidas', *roleta* 'peza que move o sarillo do muiño de olivas' e *zorete* 'porco sen rabo; sono'.

No corpus medieval que expurgou (*vid. supra*) Alonso Núñez (2004: 27-29), *-et-e* só figura como auténtico diminutivo nos substantivos *mueta* / *muleta*, *joeta*, *jograrete*, *arqueta* e *cruseta*. Na análise destas palabras sigo o autor que acabo de citar.

En *mueta* / *muleta* pódese segmentar un auténtico diminutivo que expresa valores afectivos característicos dos tales como pena, cariño etc., porque na cantiga 178 alternan *mueta* / *muleta* (*e penssou ben da muleta*, 178. 17) e *mua* / *mula* (*viu ssa mua esfolar*, 178. 27) para designa-lo mesmo animal, do cal se descoñece se é adulto ou non. Así a todo, hai un exemplo na cantiga 178 en que a palabra *mueta* / *muleta* semella te-lo sentido de 'cría de' (*Ao lavrador nacera muleta*, 178. 11). Outra interpretación de *muleta* consiste en vinculala co sufixo *-et-o* / *-et-a*²⁰ e, en consecuencia, pensar que expresaba 'cría de'. Aínda que pode haber certas dúbidas con *joeta* 'pequena xoia' (*seu perponto todo de pavil / e cordon d'ouro fal por joeta*, 9. 13), é posible que Lapa (1970²: s. v. *joeta*) teña razón cando considera que este galicismo adaptado do francés antigo *joëte* é un auténtico diminutivo de *joa*, forma que documenta nas *Crónicas dos sete primeiros Reis*.

¹⁸ No galego tradicional de Campobeceros dise *ás rapañiñas*.

¹⁹ A palabra *planchón* é a que empregan os falantes tradicionais de Campobeceros.

²⁰ Na conciencia dos falantes, é posible que *-et-e* e *-et-o* fosen considerados un único sufixo. A palabra da comarca verinesa *lengoreta* que fala moito e normalmente crítica² pode facer pensar no sufixo *-et-e*, pero trátase de *-et-o*, xa que a forma masculina é *lengoreto*. Unha investigación diacrónica e sincrónica á vez podería aclarar este tipo de cuestións. Cabe lembrar que Rio-Torto (1993: 757-809) pon algunhas formas con *-et-o* baixo o mesmo apartado do sufixo *-et-* portugués en compañía de elementos con *-et-e* e, ademais, asevera que as formas do tipo *lugarete* tenden a substituír as do tipo *lugareto*.

A voz *jograrete*, en contraste con *jogar* (Lapa 1970²¹: s. v.) ten o significado de ‘pequeno xogar’ en *Trage seu leito e seu cobertor, / e jograrete, de que á sabor* (391. 17) e ademais é moi posible que engada un valor connotativo negativo á base de derivación.

A forma *arqueta* significa ‘pequena arca, cofriño’ (*en hũa arqueta d’ouro*, 644. 41) e coaparece con *arca* (*en hũa arca pequena d’ouro*, 644. 41). A pesar de que no galego actual *arca* designa un obxecto grande e de que *arqueta* podía estar en vías de lexicalización no galego medieval para designar un obxecto máis pequeno ca unha *arca*, Alonso Núñez (2004: 27-29) opta por analizar en *arqueta* un sufixo diminutivo que expresa ‘arca pequena’ e ademais outros valores connotativos propios do diminutivo, xa que *arca* en latín podía referirse tanto a un obxecto grande, por exemplo un armario, canto a un obxecto pequeno, por exemplo un xoiereiro (*vid.* Blánquez 1982⁵: s. v. *arca*, *ae*) e xa que *arca* e *arqueta* tamén podían face-lo mesmo no galego medieval (*vid.* Lorenzo 1977: s. v. *arca* e Lorenzo 1977: s. v. *arqueta*), se ben *arqueta* parece achegar valores connotativos propios dos diminutivos.

Á palabra *cruseta* Tato (1994: s. v.) atribúelle o significado ‘cruz pequena de adorno’ (*tres bñcos e crusetas e outras doas*, 2118) e considéaraa como diminutivo de *crus*, forma que tamén aparece en Tato (1994: s. v. *crus*).

En síntese conclusiva de Alonso Núñez (2004: 29), o elemento -et- de orixe allea²¹ múltiple, francesa, provenzal, catalana, aragonesa e mozárabe (González Ollé 1962: 309), debeu entrar no galego medieval en préstamos foráneos que os falantes de galego asimilaban e memorizaban coma un bloque inanalizable (*violeta*, *trabuquete*) parecido ó de *saeta* ou ó de *tapete*. Chegado un momento, os galegofalantes tenderían a empregar motivadamente -et- co valor de ‘pequeno’ con bases de derivación adaptadas ó galego (*joeta*) ou con bases de derivación autóctonas (*cruseta*). Desta maneira debeu nacer no galego o sufixo diminutivo -et-e, o cal continúa sendo produtivo no galego actual tanto con substantivos (*mandilcete*) coma con adxectivos (*pequenete*, *regularcete*), se ben en moitas ocasións adquire matices despectivos non sempre derivados da base léxica (*cf.* *librete* —sen matices despectivos na base— con *burrete* —con matices despectivos na base—).

3. O SUFIXO -UC-O / -UC-A

O sufixo -uc- faise sobre -ic-, segundo Michaëlis de Vasconcelos (1946: 77-78). Penny (1998: 267) tamén pensa que pode tratarse dunha variación vocálica sobre o modelo de -ic-o. Pharies (2002: s. v. -uco), aínda que descarta esta hipótese para -ac-o, pensa que é máis atractiva para -uc-o, se ben con dúas restricións: a) a variación tivo lugar na etapa do latín falado tardío e deu lugar a -*uccu, e b) -iccu non é o único modelo, senón tódolos demais sufixos en -cc-. Con todo, Pharies considera que -uc-o é un sufixo de orixe incerta porque non atestou en latín ningún sufixo -*uccu, forma necesaria para producir -uc-o, e porque non lle resulta convincente de todo ningunha das hipóteses etimolóxicas propostas para este sufixo.

González Ollé (1962: 319-324) defende unha orixe céltica para -ic-; no entanto, Pharies (2002: s. v. -ico) di que o autor mentado non citou exemplos a favor da súa teoría e pensa que -ic- remonta a un sufixo latino vulgar -*iccu, de orixe descoñecida pero probablemente non latina, que deixou pegadas en varias linguas románicas.

Dende unha óptica máis aberta ás variedades lingüísticas subalternas, Ballester (2014) cita exemplos convincentes, vencella -ic- e os sufixos con -c- co céltico e coida que o elemento /k/ adxectivo de -ic-, -ac-, -aec- é un elemento indoeuropeo, galaico e céltico. Ademais este autor asume a celticidade da Gallaecia moi profunda e antiga que propugnan Alinei e Benozzo (2008: 3-17) apoiándose nunha morea de elementos de natureza non só lingüística, senón tamén arqueolóxica, cultural, folclórica, xenética, mitolóxica e relixiosa.

González Fernández (1978: 29-31) atribúelle ó sufixo -uc- do galego actual un matiz despectivo (*calduco*, *homuco*, *leiruca*, *mulleruca*), Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986: 92) coidan que

²¹ En apoio da orixe foránea deste elemento, cómpre lembrar que no índice de topónimos de Tato (1994: 615-621) non aparece ningún con -et-. No entanto, en Cataluña e nas zonas conquistadas polos cataláns é moi frecuente este elemento nos topónimos (Catalán 1989: 248-253).

-uc- é un sufixo despectivo (*leiruca*, *mulleruca*) e Alonso Núñez (2000: 165-166) admite que este elemento ten no galego actual un claro valor pexorativo con bases substantivas (*casuca* 'casa mala', *libruco* 'libro malo', *becerruco* 'becerro malo', *mulleruca* 'muller desprezable'). Para Hanssen (1913: 122) no castelán e Michâelis de Vasconcelos (1946: 78) no portugués, a vogal *u* implica un significado despectivo. Se ben tamén pode ter a maiores un significado diminutivo, o conchado despectivo parece que é constante. Se confrontamos *becerriño* con *becerruco*, o primeiro, aínda que pode coller valores afectivos, significa normalmente 'becerro pequeno'; no entanto, *becerruco* tende a significar 'becerro malo' ou tamén 'becerro malo e pequeno'. No galego común o sufixo -uc-o / -uc-a non é moi usual con adxectivos (*baratuco*, *delgadouco*) e cando se solda a eles adquire valor pexorativo²².

Agora ben, débese ter en conta que Álvarez, Monteagudo e Regueira (1986: 88) coidan que a fronteira entre os sufixos diminutivos e despectivos non está clara, porque algúns sufixos poden exercer as dúas funcións e incluso unha mesma palabra pode ter dous sentidos en contextos diferentes e citan -uc- como sufixo diminutivo (*becerruco*, *patuco*, *fachuco*)²³. Tamén García de Diego (1984: 194) di nos inicios do século XX que -uc- é un sufixo diminutivo de pouco uso e exemplifica con *mazuco* e *casuca*.

Con respecto ó valor de -uc- como diminutivo ou despectivo no galego actual, Alonso Núñez (2000: 165-166) formula a hipótese de que dialectalmente -uc- teña un valor diminutivo. Apoian esta idea os datos de Regueira (1989: 227 e 245), quen no seu estudo sobre a Terra Chá pensa que con substantivos pode ser diminutivo (*becerruco*, *ventanuco* e *leiruco*) ou pexorativo (*leiruco*) e con adxectivos documenta *feituca* 'ben feita' con significado apreciativo, e os datos de Boullón Agrelo (1992: 61), quen rexistra este valor diminutivo e / ou afectivo nos versos de Celso Emilio Ferreiro: *Dorna feituca do berce / a navegar polo ceo*. Así mesmo tamén a apoian os exemplos decimonónicos de Rosalía (*feituquiños*, *feituquiñas*), que recolle Freixeiro Mato (1996: 125) e que mostran como este elemento podía ir na antepenúltima posición antes dos morfemas obrigatorios acumulado con -iñ-. Sobre esta cuestión véxase Alonso Núñez (2000: 142-145).

Cunha e Cintra (1991⁸) non documentan -uc-o / -uc-a en portugués; Skorge (1956-1957: 64-68) só o atesta no mirandés; e Rio-Torto (1993: 753-756) coida que -uc- non é un elemento que se define por ter un valor depreciativo en portugués contemporáneo e que ten unha produtividade e unha vitalidade bastante pequenas, as cales se circunscriben esencialmente ó falar popular de rexións non urbanas trasmontanas (nomeadamente Barroso -Vila Real-) e de Miranda de Douro (Bragança) e, esporadicamente, ós falares da Beira Baixa e de Barrancos (parte oriental do Alentejo). Ademais, para esta última autora, o uso de -uc- diminutivo con adxectivos está moi pouco representado e dáse unicamente nalgúns falares rexionais de Portugal.

En castelán, este sufixo ten un valor despectivo (*vid.* Hanssen 1913: 152-153), pero en Tudanca (*vid.* Penny 1978: 124) e, en xeral, en Santander é diminutivo (*vid.* Romero Gualda 1989: 53). Da mesma maneira, no galego común é despectivo pero nalgúns zonas, aínda non delimitadas, é simplemente diminutivo (Alonso Núñez 2000: 165-166).

No concello de Castrelo do Val, o sufixo -uc- ten pouco uso e ademais os falantes tradicionais non admiten que o poden usar con tódalas bases nominais. Dito doutra maneira, o sufixo -uc- sóldase cunhas bases e non con outras.

A información que me proporcionaron en enquisas os informantes de Campobecerras (Ca-1) e de Veiga de Nostre (VN-7) é a seguinte: non usan *casuca* para 'casa pequena' nin *burruco* (*cf.* *burriño* 'burro pequeno') para 'burro pequeno', pero empregan, aínda que pouco, *Manueluco*²⁴, *nenuco* e *pequenuco*. Con estes últimos elementos o sufixo -uc- ten para estes informantes un valor autenticamente diminutivo.

²² González Fernández (1978: 19-39) considera que este sufixo, cando se une con bases adxectivas castelás, é diminutivo con valor despectivo.

²³ Considero *patuco* e *fachuco* palabras lexicalizadas.

²⁴ O sufixo -uc- diminutivo con nomes propios presenta certa vitalidade en Hispanoamérica, xa que Boyd-Bowman (1955: 361) cita unha vintena de exemplos co sufixo -uc- en hipocorísticos de nomes propios ou en nomes propios (*Bertuca*, *Martuca*, *Piluca*, *Pedruco*...), tomados case exclusivamente do castelán de Hispanoamérica.

O que acabo de explicar sobre o galego do municipio de Castrelo do Val pode verse no seguinte cadro:

Sufixo	Base substantiva co trazo [+ propio] e [+ animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ contable] e [- animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ animado] e [- humano]	Base substantiva co trazo [+ común] e [+ humano]	Base adxectiva
-uc-o / -uc-a	Manueluco (pouco uso)	*casuca ²⁵ ('casa pequena')	*burruco ('burro pequeno')	nenuco (pouco uso)	pequenuco (pouco uso)

Cadro 3. Exemplos co diminutivo -uc- recollidos en enquisas de Castrelo do Val

Do cadro 3 non debe obterse a conclusión de que -uc- non pode soldarse con bases substantivas co trazo [+ común], [+ contable] e [- animado] nin con bases substantivas co trazo [+ común], [+ animado] e [- humano], xa que nalgúns lugares da montaña de Castrelo do Val (Campobeceros, Sanguñedo, Veiga de Nostre, Portocamba, Fontefría) teño oído palabras co diminutivo -uc- tales como *casuca* e *cabaluco*. Tamén os informantes de Nocado do Val (No-3, No-4 e No-5), lugar valego do municipio de Castrelo do Val, usaron na gravación *chapiteluco* como auténtico diminutivo para indicar un chapitel²⁶ pequeno.

Con estes últimos datos o cadro anterior debe refacerse como mostro a continuación:

Sufixo	Base substantiva co trazo [+ propio] e [+ animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ contable] e [- animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ animado] e [- humano]	Base substantiva co trazo [+ común] e [+ humano]	Base adxectiva
-uc-o / -uc-a	Manueluco (pouco uso)	casuca (pouco uso) ²⁷ chapiteluco	*burruco ('burro pequeno') cabaluco (pouco uso)	nenuco (pouco uso)	pequenuco (pouco uso)

Cadro 4. Exemplos co diminutivo -uc- do galego tradicional de Castrelo do Val

Remato indicando que o elemento -uc non aparece como sufixo diminutivo en ningún exemplo do *corpus* medieval expurgado por Alonso Núñez (2004: 33) nin por Freixeiro Mato (2014: 212-213).

No PTG aparecen topónimos con -uc- diminutivo con nomes propios e con nomes comúns. Entre os primeiros figuran *A Eira de Farruco* (A Granxa, Boqueixón, A Coruña), *A de Chuco* (Cambados, Pontevedra), *O Prado de Bertuco* (A Barqueira, Cerdido, A Coruña), *Os Prados de Fuco* (Goá, Cospeito, Lugo), *Cabozo de Peruco* (Vilaboa, Pontenova, Lugo), *Cabozo de Xenuco* (Vilameá, Pontenova, Lugo), *O Prado de Andruco* (Sabugueira, Santiago de Compostela, A Coruña), *A Farruca* (Viveiro, Celanova, Ourense), *A Farruca* (As Somozas, A Coruña), *A Farruca* (Aldán, Cangas, Pontevedra), *A Farruca* (Moaña, Pontevedra), *Eira da Chuca* (Pontecesures, Pontevedra), *A Chuca* (Moaña, Pontevedra), *A Peruca* (Oín, Rois, A Coruña), *A Peruca* (Seira, Rois, A Coruña), *Carreiro da Fuca* (Coiro, Cangas, Pontevedra) e *O Zarrallo da Farruca* (Xudán, A Pontenova, Lugo). Na fala do concello de Castrelo do Val e no da comarca de Verín son usuais os hipocorísticos *Fuco*, *Fuca*, *Farruco*, *Farruca*, *Chuco* e *Chuca*. Inda que a mostra sexa pequena, permite advertir que a dis-

²⁵ O asterisco neste cadro quere dicir que as palabras con el non teñen un sufixo diminutivo.

²⁶ A palabra *chapitel* quere dicir 'construción (próxima á casa), onde se garda a leña ou algún apeiro. Normalmente é unha construción que só ten tellado'.

²⁷ Lémbrese que no cadro anterior se recolleu que os informantes de Campobeceros (Ca-1) e de Veiga de Nostre (VN-7) non usan *casuca* para 'casa pequena'.

poñibilidade de *-uc-* con nomes propios parece menor na fala de Castrelo do Val ca no conxunto do galego e isto é quizás máis evidente con nomes non propios. Vexamos.

No PTG figuran topónimos con *-uc-* con nomes comúns e co adxectivo *malu*, facilmente recategorizable como substantivo, tales como *O Brañuco* (Vilacova, Lousame, A Coruña), *A Casa do Maluco* (Barrantes, Tomiño, Pontevedra), *O Bechuco* (Suevos, Arteixo, A Coruña), *O Bichuco* (A Capela, A Coruña), *O Canceluco* (Naraío, San Sadurniño, A Coruña), *O Fachuco* (Pezobre, Santiso, A Coruña), *O Hortelluco* (Bandoxa, Oza dos Ríos, A Coruña), *O Mazuco* (Santalla, Ribeira de Piquín, Lugo), *O Meduco* (Sabuguido, Vilariño de Conso, Ourense), *O Nabaluco* (Augas Santas, Palas de Rei, Lugo), *O Pinaruco* (A Regueira, Oza dos Ríos, A Coruña), *O Valuco* (Cexo, Vere, Ourense), *O Zarruco* (Vilantime, Arzúa, A Coruña), *Supenuco* (Recemel, As Somozas, A Coruña), *A Mariñuca* (Brantuas, Ponteceso, A Coruña), *A Brañuca* (Rendal, Arzúa, A Coruña), *A Brañuca* (Rodeiro, Oza dos Ríos, A Coruña) e *A Zarruca* (Pedrouzos, Melide, A Coruña). A pesar da enumeración que acabo de facer, cómpre precisar que no PTG os topónimos diminutivos con *-uc-* son menos frecuentes cós que teñen *-et-e*. Ningún dos topónimos citados con *-uc-* do PTG se acha no concello de Castrelo do Val, onde si hai *A Zarrula* en Campobecerros. Agora ben, é posible botar man de *-uc-* para construír diminutivos con bases existentes no galego do concello citado tales como *bicho* (*bichuco*), *cancela* (*canceluca*), *cancelo* (*canceluco*), *horta* (*hortuca*), *mazo* (*mazuco*), *meda* (*meduca*) *nabal* (*nabaluco*), *pinar* (*pinaruco*) e *val* (*valuco*). No entanto, as palabras con *-uc-* diminutivo son menos usuais no concello de Castrelo do Val cás que teñen *-ic-* diminutivo (vid. Alonso Núñez 1999: 138-140) e ademais acostuman a cargarse a maiores con significación despectiva, a cal é en moitas ocasións o valor exclusivo. No Concello de Castrelo do Val o vocábulo *fachuco* está lexicalizado co significado de ‘mañuzo, fachico’.

4. O SUFIXO *-ECH-O* / *-ECH-A*

Este elemento considérase un sufixo de orixe non latina. Pode que proveña de *ESC(u)LU*, cruce de *ESCO* + *CULU* (vid. Nunes 1945³: 386). Tamén se pode pensar que se creou a partir de *ich*, forma diminutiva en vasco tal e como explica Nánñez (1973: 42-43).

Inda que non recolle o sufixo *-ech-* en castelán, Pharies (2002: s. v. *-ucho*) considera que o sufixo castelán *-uch-* procede da terminación latina *-US-CULUS* (*corpus-culum*) con reanálise morfolóxica errónea en *corp-usculum*. Deixo para outro traballo un afondamento na etimoloxía do elemento *-ech-* pero aquí quero apuntar que se debe investiga-la súa relación co sufixo diminutivo recesivo *-ich-* do galego de Zamora, excepto Pías. Segundo Costas González (2016b), as formas do tipo *rapacicha* e *mulicho*²⁸, que usan os vellos, están sendo substituídas neses lugares por outras formadas con *-iñ-* (*rapaciña*, *muliña*). Ademais as formas diminutivas con *-ich-* son predominantes na toponimia do galego zamorano (Porto, Lubián, Hermisende, Calabor e parte sur de Requeixo). No lugar de Santa Cruz de Abranes, pertencente ó mesmo municipio de Calabor (Pedralba), existe o sufixo *-its-u* / *-ich-u* en palabras do tipo *perritsu* / *perrichu* e en topónimos do tipo *As Malladitsas* / *As Malladichas* (García López e Boyano 2001).

Volvendo ó elemento *-ech-*, Skorge (1956-1957: 57) só rexistra no portugués coa terminación *-ech-* *ventrecha* ‘posta de peixe, inmediata á cabeza’, forma lexicalizada que tamén recolleu Allen (1941: 35). Rio-Torto (1993: 532-533) considera que son escasos os exemplos co diminutivo *-ech-* con substantivos e adxectivos, que estes exemplos son propios da linguaxe popular de variedades diatópicas tales como a trasmontana (Bragança) e a da Beira (Guarda) e que o elemento *-ech-* diminutivo non é produtivo nin dispoñible no portugués contemporáneo e que non o atesta no *corpus* de frecuencia do *Português Fundamental*.

Regueira (1989: 207) dálle a *-ech-* no galego da Terra Chá, cando se une con bases substantivas, un valor diminutivo-despectivo (*cornecho*) e o mesmo fai García de Diego (1984: 188), quen cita *cornecho* e *ventrecha*. En Álvarez, Monteaquedo e Regueira (1986: 88) aparece *-ech-* entre os sufixos diminutivos; pero os exemplos aducidos con bases substantivas están lexicalizados no galego actual: *fendecha* ‘fenda’ ou ‘parte pudenda da muller’ (Rodríguez González 1960: s. v. *fen-*

²⁸ Obsérvese que este elemento pode ser un auténtico diminutivo ou significar ‘cría de mula’.

decha); *folecho* é unha variante de *fol* (García González 1985: s. v. *folecho*); *rabecho* é unha forma lexicalizada que significa 'impertinente' (García González 1985: s. v. *rabecho*); e *cornecho* tamén está petrificado hoxe en día (García González 1985: s. v. *cornecho*).

Para o galego actual, en Alonso Núñez (2000: 168-170) propúxose que *-ech-* non é un sufixo diminutivo produtivo con bases substantivas: **casecha*, **burrecho*, **rapacecho*. Pola contra, este sufixo pode unirse con bases adxectivas (*gordo* + *ech-o* ⇒ *gordecho*, *grande* + *ech-o* ⇒ *grandecho*), aínda que con certas restricións. Así, engádese especialmente a adxectivos que expresan un concepto obxectivo, especialmente dimensional²⁹ (*grandecho*, *pequenecho*, *longuecho* etc.); con todo, hai algúns adxectivos deste tipo que non admiten *-ech-* como sufixo diminutivo (**al-techo*). O sufixo diminutivo *-ech-o* tamén pode axuntarse a algún adxectivo subxectivo de valoración (*malecho*) pero, neste caso, con moitas excepcións (**limpecho*, **pobrecho*). Así mesmo semella que non pode ligarse con adxectivos subxectivos que indican a inclinación humana (**celosecho*, **listecho* etc.).

Ó unirse con adxectivos, *-ech-* tende a adquirir valores despectivos (*malecho*). Pero para algúns falantes tal segmento non sempre é despectivo (*malecho* = *maliño*, *grandecho* = *grandiño*). Alonso Núñez (2004: 168-170) afirma ignorar se o uso de *-ech-* como diminutivo responde a unha distribución dialectal, pero coida que é posible que sexa así. Ademais opta, dun xeito provisional, por clasificar-lo elemento *-ech-* como sufixo nominal diminutivo do galego actual cando se liga con algúns adxectivos.

En Álvarez e Xove (2002: 405-411) non se rexistra *-ech-* entre os sufixos diminutivos do galego actual.

No *Dicionario de Dicionarios* (DdD) figuran outros exemplos con palabras lexicalizadas rematadas en *-ech-* tales como *bolecho* 'dise do redondo de corpo', *cabecho* 'espiga dalgúns cereais con grans raros e pequenos', *codecho*³⁰ 'corrusco', *fendecho* 'persoa que ten o labio superior fundido' e *manecho* 'zurdo'. En todas estas palabras albíscase que a motivación para a derivación da base, é dicir, para crear unha nova etiqueta nominalizadora é o contido diminutivo. En relación con isto, cómpre subliñar que concordo con Alinei (2002) na idea de que os falantes crean palabras ou reciclan significantes apoiándose na motivación e que esta pode perderse co paso do tempo.

Tamén aparecen no DdD palabras co sufixo diminutivo *-ech-* tales como os hipocorísticos de *Goros* e de *Manuel Gorecho* e *Manecho*, os indefinidos (ou cuantificadores) *pouquecho* e *pouquerrecho* e os adxectivos obxectivos dimensionais, facilmente recategorizables como substantivos, *delgadecho*, *gordecho*, *grandecho*, *pequecho*, *pequenecho*, *pequerrecho*, *redondecho* e *regordecho*. Ademais no dicionario citado tamén se recollen os despectivos con bases substantivas *arborecho* 'diminutivo de árbore con sentido despectivo' e *homecho* 'home de pouca importancia', os cales xeran o contido despectivo dende a motivación aminoradora.

No PTG atópanse os seguintes topónimos con *-ech-* como diminutivo claro: *A Hortecha* (Pallas de Rei, Lugo), *O Cornecho* (nos concellos coruñeses da Laracha, Porto do Son, San Sadurniño, As Somozas e Val do Dubra), *Cornecho* (Aranga, A Coruña), *O Rabecho* (Santiago de Compostela, A Coruña), *A Leira do Cornecho* (Ribeira, A Coruña), *A Ferrecha* (San Sadurniño, A Coruña). Tamén parece barruntarse unha motivación diminutiva nos topónimos do sur de Galicia *Fonte da Perrecha* (A Gudiña, Ourense) e *Pozo da Galecha* (Lobios, Ourense) e noutros topónimos galegos como *Molín do Melecho* (Ribadeo, Lugo) e *O Patelecho* (Arteixo, A Coruña). De tódalas maneiras, a frecuencia no PTG de palabras co diminutivo *-ech-* é menor cás que teñen *-uc-* e moito menor cás que presentan *-et-*. Hai que investigar na documentación galega e latina as palabras terminadas en *-ech-* para intentar comprender como e onde xurdiu este sufixo e cal é a súa orixe. Ademais faise necesaria unha recollida de palabras rematadas en *-ech-* do conxunto do galego para co-textar cos datos documentais que hai. Deixo tal estudo para o futuro.

O galego de Castrelo do Val presenta un uso máis restrinxido de *-ech-* como diminutivo có proposto para o galego actual por Alonso Núñez (2000: 168-170) e có que se albisca no DdD e nos topónimos do PTG. Vexamos.

²⁹ Para os tipos de adxectivos véxase Dixon (1977), Demonte (1999) e Moreno Cabrera (1991).

³⁰ No galego tradicional de Campobecerras *codiacho* significa 'pedazo de pan'.

Os informantes de Campobecerras (Ca-1) e de Veiga de Nostre (VN-7) manifestaron que das palabras con *-ech-* citadas antes para o galego actual só usaban *gordecho* e *pequenecho*. Ademais estes informantes aseveraron que non utilizaban **Manuelecho*, **casecha*, **burrecho*, **nenecho* e **listecho*. No galego da fala investigada non recollín topónimos co sufixo diminutivo *-ech-*.

Un cadro sinóptico sobre o sufixo diminutivo *-ech-* na fala do concello de Castrelo do Val pode verse a continuación:

Sufixo	Base substantiva co trazo [+ propio] e [+ animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ contable] e [- animado]	Base substantiva co trazo [+ común], [+ animado] e [- humano]	Base substantiva co trazo [+ común] e [+ humano]	Base adxectiva
-ech-o / -ech-a	*Manuelecho ³¹ Necho	*casecha	*burrecho	*nenecho	pequenecho *listecho

Cadro 5. Exemplos co diminutivo *-ech-* do galego tradicional de Castrelo do Val

Deste cadro sácase a conclusión de que *-ech-* só pode usarse no concello de Castrelo do Val con algún adxectivo obxectivo dimensional, facilmente recategorizable como substantivo. As restricións do sufixo diminutivo *-ech-* para soldarse con adxectivos son maiores cás postuladas para o galego común por Alonso Núñez (2000: 168-170).

En comparanza co galego actual, o elemento *-ech-* non se atestou no concello de Castrelo do Val nas palabras *pequen-ech-iñ-o* ('base + pequeno + pequeno + xénero masculino'), *pequen-err-ech-iñ-o* ('base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino') nin na palabra dialectal *pequ-err-ech-iñ-ø*³² ('base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino').

O elemento *-ech-* úsase como reforzo doutro afixo diminutivo no galego de Castrelo do Val e no galego en xeral (Alonso Núñez 2000: 142-145 e 159-160). Este reforzo ocupa unha posición máis interna na palabra có auténtico sufixo diminutivo e tamén admite antes del o intensificador *-err-* / *-irr-* (*-ech-iñ-o*; *-err-ech-iñ-o* / *-irr-ech-iñ-o*). Vexámo-la análise diacrónica dalgúns casos de acumulación:

pouqu-ech-iñ-o: 'base + pequeno + pequeno + xénero masculino'.

pouqu-err-ech-iñ-o: 'base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino'.

pouqu-irr-ech-iñ-o: 'base + intensificador + pequeno + pequeno + xénero masculino'.

O elemento *-ech-* debeu ser diminutivo como proban estes exemplos como reforzo doutro sufixo diminutivo e o hipocorístico de Campobecerras *Necho*. Este último debeuse crear dende *Juan* e é unha redución de *Juanecho*.

Por outra parte, no *corpus* medieval expurgado en Alonso Núñez (2004: 33) o elemento *-ech-* non se documentou en ningún exemplo como sufixo diminutivo. Freixeiro Mato (2014: 212) non rexistrou ningún exemplo no *corpus* de poesía profana medieval que investigou e di que tampouco recollen exemplos medievais Ferreiro (1997: 188), Nunes (1945³: 386-387) e Huber (1986: 272-276).

5. CONCLUSIÓNS

Para rematar esta investigación expoño sinteticamente as principais conclusións que obtiven dela:

1. O sufixo *-et-e* é produtivo tanto no galego común como no galego tradicional do concello de Castrelo do Val cun valor diminutivo despectivo unhas veces (*librete*, *rapacete*) e cun valor diminutivo con algunhas bases (*rapacete*, *mandilcete*). Con todo, pode dicirse

³¹ O asterisco neste cadro indica que a palabra non se recolleu na fala estudada e que os falantes negan que existen tales formas.

³² Vid. Santamarina (1973: 138).

que o diminutivo *-et-e*, de menor uso no estándar ca *-iñ-*, existe na fala do concello de Castrelo do Val con nomes propios (*Manuelete*), con substantivos comúns (*mandilcete*, *cancete*, *nenete*), con algúns adxectivos (*pequenete*) e nun topónimo (*O Rabete*). No concello de Castrelo do Val o uso de *-et-e* en topónimos non semella algo moi antigo e é menor ca no conxunto do galego.

2. No concello de Castrelo do Val o sufixo *-uc-* ten pouco uso e ademais os falantes non admiten que o poden empregar con tódalas bases nominais. Dito doutra maneira, o sufixo *-uc-* sóldase cunhas bases e non con outras. A pesar de que ten pouco uso na fala tradicional do concello de Castrelo do Val, o diminutivo dialectal *-uc-* rexistreino con substantivos propios (*Manueluco*), con diferentes tipos de substantivos comúns (*chapi-teluco*, *cabaluco*, *nenuco*) e con algúns adxectivos (*pequenuco*). Ademais non o atestei nos topónimos da fala investigada.
3. O galego tradicional de Castrelo do Val presenta un uso máis restrinxido de *-ech-* como diminutivo có proposto para o galego actual en Alonso Núñez (2000: 168-170) e có que permite albiscar no conxunto do galego o DdD. Só atestei *-ech-* na fala do municipio de Castrelo do Val con algún hipocorístico (*Necho*) e con algún adxectivo (*pequenecho*, **lis-techo*) e non o recollín nos topónimos da fala estudada. O uso do elemento *-ech-* como reforzo doutro afixo diminutivo (*pequ-err-ech-iñ-o*) e en hipocorísticos levoume a supor que *-ech-* foi diminutivo no pasado. Así a todo, cómpre investigar no futuro a orixe de *-ech-* e a súa distribución dialectal no conxunto do galego.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGA II = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Alinei, Mario (2002): "Il ruolo della motivazione nel lessico", en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 15-28. <http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>.
- Alinei, Mario (2008): *L'Origine delle parole*. Roma: Aracne.
- Alinei, Mario / Francesco Benozzo (2008): *Alguns aspectos da Teoria da Continuidade Paleolítica aplicada à região galega*. Lisboa: Apenas Livros.
- Alonso, Amado (1982³): "Noción, emoción, acción y fantasía en los diminutivos", en Amado Alonso, *Estudios lingüísticos. Temas españoles*. Madrid: Gredos, 161-189.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (1999): "Os sufixos nominais diminutivos *-iñ-o* / *-iñ-a*, *-it-o* / *-it-a* e *-ic-o* / *-ic-a* na fala do concello de Castrelo do Val", *Cadernos de lingua* 20, 127-143. http://academia.gal/documents/10157/23708/Cadernos_20.pdf.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2000): "Os sufixos nominais diminutivos do galego actual", *Verba* 27, 133-174. <http://hdl.handle.net/10347/3333>.
- Alonso Núñez Aquilino S. (2004): "Aproximación á sufixación diminutiva non verbal a través dun corpus textual medieval", en Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 9-34.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2007): "O xénero do substantivo na fala do concello ourensán de Castrelo do Val", *Verba* 34, 311-331. <http://hdl.handle.net/10347/3478>.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2008): "La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)", *Quaderni di Semantica* XXIX/2, 343-392.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2010): "Las consonantes fricativas y el rotacismo en un habla gallega", *Quaderni di Semantica* XXXI/1, 113-130.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (2012): "El bloque central de Fernández Rei y el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)", *Quaderni di Semantica* XXXIII, 1, 155-182.
- Allen, Joseph H. D. (1941): "Portuguese Word-Formation with Suffixes", *Language* 17/2, 3-143.
- Álvarez, Rosario (2002): "Gramática contrastiva do portugués e o galego: o diminutivo", en Luis Iglesias Rábade / Susana Doval Suárez (eds.), *Studies in contrastive linguistics: proceedings of the 2nd International Contrastive Linguistics Conference, Santiago de Compostela, October, 2001*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 91-107.
- Álvarez, Rosario (2012): "Variación e mudanza na morfoloxía do diminutivo: apuntamentos a partir da comparación entre galego e portugués brasileiro", en Xoán Carlos Lagares / Henrique Monteagudo (eds.), *Galego e portugués brasileiro: história, variação e mudança*. Niterói: EDUFF, 129-155.

- Álvarez, Rosario / Henrique Monteagudo / Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Bachrach, Asaf / Michael Wagner (2005): "The Prosody of Adjunction vs. Complementation: The case of Diminutives in Brazilian Portuguese". *Montreal-Ottawa-Toronto (MOT) Phonology Workshop*, MacGill University, Feb 12 2005.
- Ballester, Xaverio (2014): "Recéltica Gallaecia", en *Os Celtas da Europa Atlántica. Actas do III Congreso Internacional sobre a cultura celta (15-17 de abril 2011)*. Narom: Instituto Galego de Estudos Célticos, 209-229.
- Barbosa, Sílvia Pais (2010): *Vocalismo átono e os sufixos -inh- e -zinh-: um estudo de juízos de aceitabilidade em falantes do Português Europeu*. Universidade de Lisboa. Tese de mestrado. http://repositorio.ul.pt/bitstream/10451/1934/1/ulfl072335_tm.pdf.
- Bisol, Leda (2010): "O diminutivo e suas demandas", *DELTA [online]* 26/1, 58-85. <http://www.scielo.br/pdf/delta/v26n1/03.pdf>.
- Blánquez, Agustín (1982⁵): *Diccionario latino-español*. Barcelona: Ramón Sopena.
- Bosque, Ignacio (1989): *Las categorías gramaticales. Relaciones y diferencias*. Madrid: Síntesis.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1992): "Substantivo e adxectivo", en Rosario Álvarez (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. 1. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 53-86.
- Boyd-Bowman, Peter (1955): "Cómo obra la fonética infantil en la formación de los hipocorísticos", *Nueva Revista de Filología Hispánica* 9, 337-366.
- Caprini, Rita (2001): *Nomi propri*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Catalán, Diego (1989): "La toponimia del diminutivo y la re-romanización de Hispania", en Diego Catalán, *Las lenguas circunvecinas del castellano*. Madrid: Paraninfo, 248-253.
- Costas González, Xosé Henrique (2016a): *Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Costas González, Xosé Henrique [2016b]: "O sufixo -icho / a, caracterizador da microtoponimia galega de Zamora", *Verba* (no prelo).
- Cunha, Celso / Luís Filipe Lindley Cintra (1991⁹): *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: João Sá da Costa.
- DdD = Santamarina, Antón (2006-2009): *Diccionario de Dicionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> [23/12/2016].
- Demonte, Violeta (1999): "El adjetivo: clases y usos. La posición del adjetivo en el sintagma nominal", en Ignacio Bosque / Violeta Demonte (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, 3 vols. Madrid: Espasa, 129-215.
- Dixon, Robert Malcolm W. (1977): "Where Have All the Adjectives Gone?", *Studies in Language* 1/1, 19-80.
- Dressler, Wolfgang U. / Lavinia Merlini Barbaresi (2004): *Morphopragmatics. diminutives and intensifiers in Italian*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.
- Eco, Umberto (1998): *Semiótica y filosofía del lenguaje*. Barcelona: Lumen.
- Ernout, Alfred (1954): *Aspects du vocabulaire latin*. Paris: Klincksieck.
- Fernández Ramírez, Salvador (1986): *La derivación nominal* (ordenado, anotado y dispuesto para la imprenta por Ignacio Bosque). Madrid: Real Academia Española (Anejo XL del Boletín de la Real Academia Española).
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferreiro, Manuel (1997): *Gramática histórica galega II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996): *Os diminutivos en galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2014): "Vós sodes mui fraqueliña molher. Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana", en Leticia Eirín García / Xoán López Viñas (eds.), *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*. A Coruña: Áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa / Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, 197-225.
- García de Diego, Vicente (1984): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología) 1909*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anexo 23 de Verba).
- García González, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anexo 27 de Verba).
- García López, David / Ricardo Boyano (2001): "Toponimia menor del noroeste de la provincia de Zamora: 3. Santa Cruz d'Abranes (con notas sobre el machuecu curixegu)", *Lletres Asturianas* 79, 63-84.

- González Fernández, Isabel (1978): *Sufijos nominales en el gallego actual*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anejo 11 de *Verba*).
- González Ollé, Fernando (1962): *Los sufijos diminutivos en castellano medieval*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Anejo LXXV de la Revista de Filología Española).
- González Seoane, Ernesto Xosé (1999): "A derivación verbal isocategorial en galego", en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, tomo II. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 65-81.
- Gordón Peral, María Dolores (2001): "Las fuentes de documentación toponímica. El Catastro del Marqués de la Ensenada y su interés lingüístico", en Elena Méndez / Josefa Mendoza / Yolanda Congosto (eds.), *Indagaciones sobre la lengua. Estudios de filología y lingüística españolas en memoria de Emilio Alarcos*. Sevilla: Universidad de Sevilla, 437-454.
- Gordón Peral, María Dolores (2002): "Sobre la significación del diminutivo en toponimia", en María Teresa Echenique / Juan Pedro Sánchez Méndez (coords.), *Actas del V Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*, tomo II. Madrid: Gredos, 1505-1517.
- Guimarães, Maximiliano / Gesoel Mendes (2010): "Hipotetizandinho acerca do caráter infixal do morfema de diminutivo em PB". *Tardes de Lingüística na USP*, Universidade de São Paulo. <http://linguistica.fflch.usp.br/sites/linguistica.fflch.usp.br/files/Max-handout-27-05.pdf>.
- Hakamies, Reino (1951): *Étude sur l'origine et l'évolution du diminutif latin et sa survie dans les langues romanes*. Helsinki: Pekka Katara.
- Hanssen, Federico (1913): *Gramática histórica de la lengua castellana*. Halle: Niemeyer.
- Hasselrot, Bengt (1957): *Études sur la formation diminutive dans les langues romanes*. Uppsala: Lundequistska.
- Huber, Joseph (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Hutchinson, Amélia P. / Janet Lloyd (1996): *Portuguese: An Essential Grammar*. London / New York: Routledge.
- Lapa, Manuel Rodrigues (1970³): "Vocabulário Galego-Português", en Manuel Rodrigues Lapa (ed.), *Cantigas d'escarnho e mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Vigo: Galaxia, 1-111.
- Lázaro Mora, Fernando A. (1977): "Morfología de los sufijos diminutivos -ito(a), -ico(a), -illo(a)", *Verba* 4, 115-127.
- Lee, Seung Hwa (2000): "Sobre a formação de diminutivo do português brasileiro", en Eberhard Gärtner / Christine Hundt / Axel Schönberger (eds.), *Estudos de gramática portuguesa (II)*. Frankfurt am Main: TFM, 269-279. <http://www.ai.mit.edu/projects/dm/bp/lee-diminutives.pdf>.
- López Gregoris, Rosario (2005): "El uso del diminutivo en el lenguaje técnico latino", *Revista de estudios latinos: ReLat* 5, 75-96.
- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla (s. XIV). Vol. 2: Glosario*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- Mel'čuk, Igor A. (1982): *Towards a language of linguistics. A system of formal notions for theoretical morphology*. Munich: Wilhelm Fink Verlag.
- Merlini Barbaresi, Lavinia (2004): "Alterazione", en Maria Grossman / Franz Rainer (coord.), *La formazione delle parole in italiano*. Tübingen: Max Niemeyer, 264-292.
- Mettmann, Walter (1981): *Afonso X, O Sabio: Cantigas de Santa Maria*, 2 vols. Vigo: Xerais. [Glosario, 423-752].
- Monterrubio Prieto, Juan Miguel (1990): "La disminución léxica ¿un concepto exclusivamente nominal?", *Verba* 17, 77-92. <http://hdl.handle.net/10347/3075>.
- Moreno, Cláudio (1997): *Morfologia nominal do português: um estudo de fonologia lexical*. Pontificia Universidade Católica do Rio Grande do Sul. Tese de doutoramento. <http://wp.clicrbs.com.br/sualingua/files/Tese-Moreno.pdf>.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (1991): *Curso Universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general*. Madrid: Síntesis.
- Náñez, Emilio (1973): *El diminutivo. Historia y funciones en el español clásico y moderno*. Madrid: Gredos.
- Nunes, José Joaquim (1945³): *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética, Morfologia*. Lisboa: Livraria Clássica Ed.
- Pena, Jesús (1990): "Sobre los modelos de descripción en morfología", *Verba* 17, 5-75.
- Pena, Jesús (1991): "La palabra: estructura y procesos morfológicos", *Verba* 18, 69-128.
- Pena, Jesús (1993): "La formación de verbos en español: la sufijación verbal", en Soledad Varela Ortega (ed.), *La formación de palabras*. Madrid: Taurus, 217-281.

- Penny, Ralph (1978): *Estudio estructural del habla de Tudanca*. Tübingen: Niemeyer (Zeitschrift für romanische Philologie Beiheft 167).
- Penny, Ralph (1998): *Gramática histórica del español*. Barcelona: Ariel, 1ª reimpresión.
- Pharies, David (2002): *Diccionario etimológico de los sufijos españoles*. Madrid: Gredos.
- PTG = *Proxecto Toponimia de Galicia*. <http://toponimia.xunta.es/> [23/12/2016].
- Regueira, Xosé Luís (1989): *A fala do norte da Terra Cha. Estudo descritivo*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- Rio-Torto, Graça (1993): *Formação de palavras em português. Aspectos da construção de avaliativos*. Universidade de Coimbra. Dissertação de Doutoramento inédita. <http://hdl.handle.net/10316/24452>.
- Rio-Torto, Graça (2016²): "Formação de avaliativos", en Graça Rio-Torto (coord.), *Gramática derivacional do português*. Coimbra: Universidade de Coimbra, 357-389. <http://dx.doi.org/10.14195/978-989-26-0864-8>.
- Rodríguez González, Eladio (1958, 1960 e 1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. I, A-CH, II, D-M, III, P-Z*. Vigo: Galaxia.
- Romero Gualda, María Victoria (1989): *El nombre: sustantivo y adjetivo*. Madrid: Arco-Libros.
- Saco y Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire.
- Said Ali, Manuel de (1971¹⁰): *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*: Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica.
- Santamarina, Antonio (1973): *El habla del Valle del Suarna*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- Scalise, Sergio (1987): *Morfología generativa*. Madrid: Alianza Editorial.
- Skorge, Sílvia (1956-1957): "Os sufixos diminutivos em português", *Boletim de Filologia* 16, 50-90 e 222-305.
- Taboada, Manuel (1988): *Léxico de la comarca de Verín*. Ourense: Museo Arqueológico Provincial (Anexo 14 de Boletín Auriense).
- Tato, Fernando R. (1994): *O Livro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (século XV)*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de Doutoramento. Reprod.: Microficha. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
- Teixeira, Taíze Winkelmann (2008): *A forma e o uso dos sufixos -inho e -zinho em variedades do português do Sul do Brasil*. Universidade Federal do Rio Grande do Sul. Dissertação de Mestrado. http://www.ufrgs.br/ppglettras/defesas/2008/Taize_Winkelmann_Teixeira.pdf.
- Varela Ortega, Soledad (1990): *Fundamentos de morfología*. Madrid: Síntesis.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de (1946): *Lições de Filologia portuguesa, seguidas das Lições Práticas de Português Arcaico*. Lisboa: Dinalivro.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de (1990): "Glosário do Cancioneiro da Ajuda", en Carolina Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, vol. I. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- Villalva, Alina (2000): *Estruturas Morfológicas. Unidas e Hierarquias nas Palavras do Português*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / FCT.
- Zuluaga Ospina, Alberto (1970): "Las funciones del diminutivo en español", *Thesaurus* 25/1, 23-48.